




BOLETÍN DO INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS


Nº 21


EDITA

Xunta de Galicia.
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.
Santiago de Compostela. Ano 2023.

ELABORACIÓN


Instituto Galego das Cualificacións.





ÍNDICE

04	Fases do recoñecemento da experiencia profesional Rexp 2022
05	Rexp 2022: 15ª convocatoria Cofinanciado polo Programa operativo de Galicia 2014-2020
05	1. Publicación da 15ª convocatoria
06	2. Difusión do procedemento Rexp
08	3. Resumo de resultados do ano 2022
09	Rexp 2021: 14ª convocatoria
09	1. Resumo de resultados do ano 2021
10	2. Entrega das acreditacións e certificados de Rexp 2021
10	Rexp 2011 - 2022
11	1. Resumo xeral do procedemento Rexp: 2011 - 2022
12	2. Estadísticas Rexp 2011 - 2022
14	Expedicións
14	1. Expedicións de certificados de profesionalidade
15	2. Certificacións profesionais de gases fluorados
16	16ª Convocatoria de probas de avaliación en competencias clave (TR306A)
17	Outros estudos



Fases do recoñecemento da experiencia profesional Rexp 2022



Más información en: <https://emplegoigualdade.xunta.gal/formacion/certificados-profesionalidade>

Rexp 2022: 15ª convocatoria

Cofinanciado polo Programa operativo de Galicia 2014-2020

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publicou unha convocatoria do procedemento Rexp de recoñecemento da experiencia profesional para o ano 2022, que corresponde ao número 15 dos que esta consellería leva realizando desde o ano 2011. Este ano o procedemento está dirixido prioritariamente a persoal militar e céntrase en determinados ámbitos en virtude do convenio de colaboración subscrito co Ministerio de Defensa. Nel convócanse un total de:

3 cualificacións profesionais (correspondentes a 4 certificados de profesionalidade).

460 prazas convocadas.

1.600 unidades de competencia.

1. Publicación da 15ª convocatoria

ORDE do 29 de decembro de 2021 pola que se realiza a convocatoria pública para o ano 2022 do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

DOG núm 17, do 26 de xaneiro de 2022

Inscrición dende: 27/01/2022 ata: 23/02/2022

A 15ª convocatoria desenvólvese ao longo do ano 2022:

- A fase de inscrición e admisión de solicitudes realizouse entre xaneiro e marzo.
- A fase de asesoramento comezou en abril e finalizou en xuño.
- A fase de avaliación realizouse entre xuño e outubro.

As cualificacións profesionais correspondentes a esta convocatoria foron: vixilancia e seguridade privada (SEA029_2) con 240 prazas, atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes (SAN122_2) con 170 prazas, amarre de porto e monoboias (MAP404_1) con 50 prazas e a unidade de competencia UC0010_1. Contribuír ás operacións de cuberta nunha embarcación pesqueira, con 50 prazas.

Actualmente está finalizado todo o proceso de inscrición, asesoramento e avaliación en todas as cualificacións convocadas.

2. Difusión procedemento Rexp


A información xeral sobre o recoñecemento da experiencia, así como a relativa ás convocatorias anuais quíxose facer chegar a todas as posibles persoas interesadas e potenciais beneficiarias del: todo o colectivo de persoas traballadoras, tanto as actualmente ocupadas como as desempregadas, así como xente nova e persoas adultas formadas pola súa conta, fóra das canles oficiais.

Este ano, con carácter de continuidade, reforzouse a difusión sobre o recoñecemento das competencias clave. Os medios de difusión empregados para facer chegar a información foron:

- Tarxetas explicativas sobre que é Rexp e as súas fases.



Fases do procedemento de recoñecemento da competencia profesional



ONDE OBTEN INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN xeral sobre o procedemento: fases, requisitos, documentación, calendarios, sedes, etc.

- Nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Nas xefaturas territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade
- Nos centros propios de Formación Profesional para o Emprego da Consellería de Emprego e Igualdade
- Na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade: <https://emplegoeigualdade.xunta.gal/formacion/reconocimiento-experiencia-profesional>
- No Instituto Galego das Cualificacións, tel.: 981 546 840.



Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



- **Comunicación en centros e entidades de formación e emprego.**
 - Consello Galego de Formación profesional.
 - Axentes sociais (CEG, UXT, CC. OO., CIG, etc.).
 - Instituto Nacional de Cualificacións.
 - Servizo Público de Emprego Estatal.
 - Xefaturas territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade.
 - Servizos de formación dentro das xefaturas territoriais da consellería.
 - Centros propios de formación profesional para o emprego.
 - Rede de centros e entidades acreditadas de formación para o emprego.
 - Oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- **Publicacións nos sitios web do Instituto Galego das Cualificacións (Consellería de Emprego e Igualdade) e o Portal de emprego (Servizo Público de Emprego de Galicia).**
- **Publicacións nas redes sociais.**

3. Resumo de resultados do ano 2022

A 15ª convocatoria realizada e finalizada no ano 2022 tivo carácter específico: diríxese prioritariamente a persoal militar, en virtude do Convenio de Colaboración co Ministerio de Defensa. Convocáronse un total de 3 cualificacións profesionais, que correspondían con 4 certificados de profesionalidade. Ofertáronse 460 prazas para un total de 1.600 unidades de competencia. Solicitaron participar na convocatoria un total de 221 persoas. Destas, cumprían os requisitos establecidos pola normativa, relativos a anos de experiencia e/ou formación non formal, un total de 169 persoas. Finalizaron as fases de avaliación e asesoramento un total de 136 persoas; 107 persoas xa teñen o seu certificado de profesionalidade obtido a través do Rexp e 47 persoas obtiveron acreditacións parciais de unidades de competencia. Só o 5 % das persoas candidatas avaliadas non lograron ningunha acreditación oficial.

Cualificacións / certificados profesionalidade	Prazas	Solicitudes	Admitidos	Persoas avaliadas	Certificados de profesionalidade	Acreditacións parciais
Vixilancia, seguridade privada e protección de persoas	240	190	153	122	55	39
Vixilancia, seguridade privada e protección de explosivos					42	2
Amarre de portos de monoboias + UC0010 Contribuír ás operacións de cuberta nunha embarcación pesqueira	50	19	12	10	10	0
Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes	170	12	4	4	0	4
TOTAIS	460	221	169	136	107	45

Rexp 2021: 14ª convocatoria

1. Resumo de resultados do ano 2021

Na 14ª convocatoria realizada e finalizada no ano 2021 convocáronse un total de 7 cualificacións profesionais. Finalmente ofertáronse 1.209 prazas para un total de 4.140 unidades de competencia. Solicitaron participar na convocatoria un total de 1.904 persoas. Destas, cumprían os requisitos establecidos pola normativa, relativos a anos de experiencia e/ou formación non formal, un total de 981 persoas. Finalizaron as fases de avaliación e asesoramento un total de 696 persoas; 436 persoas, xa teñen o seu certificado de profesionalidade obtido a través do Rexp e 222 persoas, obtiveron acreditacións parciais de unidades de competencia. Só o 5 % das persoas candidatas avaliadas non lograron ningunha acreditación oficial.

Cualificacións profesionais	Prazas	Solicitudes	Admitidos	Persoas avaliadas	Certificado de profesionalidade	Acreditacións parciais
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	325	761	339	257	167	75
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	225	334	187	135	79	46
Servizos para o control de pragas	47	53	53	26	21	4
Socorrismo en instalacións acuáticas	150	223	104	58	32	19
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	150	143	60	33	10	21
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural	150	235	135	100	63	34
Vixilancia e seguridade privada	162	155	103	87	64	23
TOTAIS	1.209	1.904	981	696	436	222

2. Entrega das acreditacións e certificados REXP 2021

No ano 2022 entregáronse por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade as acreditacións e certificados de profesionalidade expedidos ás persoas candidatas que superaron a avaliación do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais desenvolvido na 14ª convocatoria do ano 2021.

Remitíronse a un total de 436 persoas os seus certificados de profesionalidade obtidos en 2021 e a outras 222 persoas, que non completaron o certificado, tamén se lle remitiron as súas acreditacións parciais de unidades de competencia, para que nun futuro poidan completar o certificado de profesionalidade correspondente, ben por esta vía do recoñecemento da experiencia ou cursando os correspondentes módulos da formación profesional para o emprego.

Así pois, as persoas participantes na convocatoria do procedemento de recoñecemento da competencia profesional do ano 2021 que acadaron finalmente unha acreditación oficial foron 658, que no seu conxunto conseguiron que se lles expediran a acreditacións dun total de 1534 unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Rexp 2011 - 2022


A andadura do procedemento de recoñecemento da experiencia profesional REXP da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade remata coa publicación do Decreto 123/2022 de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e que non recolle coma competencia da consellería a xestión e desenvolvemento deste procedemento. A partir, polo tanto, de xullo do 2022 e coma consecuencia destes cambios na estrutura orgánica da Xunta de Galicia, a xestión do procedemento de recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas mediante a experiencia profesional ou formación non formal, pasa a ser competencia exclusiva da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

1. Resumo xeral do procedemento Rexp: 2011 - 2022

Dende o seu inicio no ano 2011, o procedemento de recoñecemento da experiencia profesional ofreceu unha saída ás persoas que aprenderon a través da práctica profesional ou a través de cursos “non oficiais”, permitindo que demostrasen os seus coñecementos e capacidades e así acadar, unha vez superada a avaliación, unha acreditación oficial, que terá os correspondentes efectos profesionais e /ou académicos.

As convocatorias realizadas ao longo destes anos centráronse, na súa maior parte, en cualificacións que desen resposta aos problemas xurdidos para manter ou acceder a un posto de traballo en profesións reguladas ou naquelas nas que mudou a súa normativa reguladora, coma poden ser as convocatorias nas cualificacións de Socorrismo en instalacións acuáticas, Socorrismo en espazos acuáticos naturais, Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, Atención sociosanitaria a persoas en domicilio, Servizo para o control de pragas, Xestión de servizos para o control de organismos nocivos, Vixilancia, seguridade privada e protección de persoas, Vixilancia, seguridade privada e protección de explosivos, etc. Noutras ocasións as cualificacións convocáronse para atender as peticións do sector profesional correspondente como no caso de Extinción de incendios e salvamento, Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural, Soldadura, Confección e mantemento de artes e aparellos, etc.

O propósito foi, en todo momento, promover que os beneficios e oportunidades que supón este procedemento se estendesen ás persoas, ás empresas e tamén ás propias administracións xa que supón poñer en valor e “oficializar” o que as persoas xa saben (coñecementos) saben desenvolver (capacidades) e saben estar (actitudes).



2. Certificacións profesionais de gases fluorados.

Nas 15 convocatorias realizadas e finalizadas entre 2011 e 2022 convocáronse un total de 23 cualificacións profesionais. Ofertáronse 21.230 prazas. Nestas 15 convocatorias un total de 36.749 persoas solicitaron participar (moitas máis das prazas ofertadas). Destas, cumprían requisitos e foron seleccionadas (en función do baremo establecido por tempo de experiencia e formación) case a metade, un total de 19.347 persoas. Destas seleccionadas, finalizaron o asesoramento e a avaliación un total de 15.839 persoas, das que case o 60%, 9.828 persoas xa teñen o seu certificado de profesionalidade e un 34%, 5.157 persoas obtiveron acreditacións parciais de unidades de competencia.

Cualificacións profesionais	Prazas	Solicitudes	Candidatos seleccionados	Finalización avaliación	Certificado de profesionalidade	Acreditacións parciais
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	6247	12846	6486	5429	3710	1427
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	4835	9095	4972	4098	2430	1443
Confección e mantemento de artes e aparellos	595	441	383	365	357	1
Operacións básicas de restaurante e bar	100	141	92	73	73	0
Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial	182	116	53	42	36	6
Soldadura	58	71	66	44	34	9
Cubertas inclinadas (UCs lousa)	50	58	38	36	33	3
Servizos para o control de pragas	745	1286	750	576	445	60
Xestión de servizos para o control de pragas	225	316	190	160	105	42

Cualificacións profesionais	Prazas	Solicitudes	Candidatos seleccionados	Finalización avaliación	Certificado de profesionalidade	Acreditacións parciais
Socorrismo e instalacións acuáticas	2291	4192	1931	1456	628	732
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	1906	2794	1228	1006	493	472
Información xuvenil	250	311	199	180	163	17
Transporte sanitario	200	96	42	27	12	14
Operacións auxiliares de fabricación mecánica	100	12	8	6	6	0
Tanatopraxia	600	1010	672	554	154	320
Aproveitamentos forestais	100	67	35	28	0	26
Extinción de incendios e salvamento	912	1513	832	687	592	86
Docencia da formación para o emprego	200	249	124	73	29	40
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio no medio natural e rura	712	1286	674	530	239	271
Vixilancia e seguridade privada: • Protección de persoas • Protección de explosivos	552	595	406	330	16742	1282
Instrucción en loga	150	217	150	125	70	54
Amarre de portos e monoboías + UC0010	50	19	12	10	10	0
Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes	1710	12	4	4	0	4
TOTAIS	21230	36749	19347	15839	9828	5157

Expedicións

1. Expedicións de certificados de profesionalidade

O artigo 16 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade establece que os certificados de profesionalidade expediranse a quen os teña solicitado e demostre ter superados os módulos correspondentes a dito certificado, ou ben tivera obtido o recoñecemento e acreditación de todas as unidades de competencias que o compoñen mediante o procedemento establecido.

O artigo 17 do citado Real decreto 34/2008, establece a existencia dun rexistro xeral de certificados de profesionalidade para garantir a transparencia do mercado de traballo e facilitar a libre circulación de traballadores. Ata o mes de marzo do 2022 este rexistro articulábase a través do aplicativo SilcoiWeb dependente do Servizo Público de Emprego Estatal, a partir de maio o Rexistro Nacional de Certificados Profesionales e Acreditaciones Parciales Acumulables artículase a través do aplicativo Registro acreditación RD34 dependente do Ministerio de Educación e Formación Profesional. É labor da Subdirección Xeral de Cualificacións e Capacidades para o Emprego a grabación de todos os certificados de profesionalidade concedidos na Comunidade Autónoma de Galicia no Rexistro Nacional de Certificados Profesionais e Acreditacións Parciais Acumulables.

A Orde do 12 de febreiro de 2019 pola que se establece o procedemento de expedición de certificados de profesionalidade e acreditacións parciais acumulables. (DOG 12/03/2019) desenvolve para a Comunidade Autónoma de Galicia esta normativa básica estatal.

É competencia da S.X. de Cualificacións e Capacidades para o Emprego a tramitación, resolución, rexistro e expedición dos certificados de profesionalidade expedidos pola Comunidade Autónoma de Galicia.

No ano 2021 recibíronse 6.170 solicitudes de certificados de profesionalidade, dos cales foron concedidos 5.099 certificados completos e 878 acreditacións parciais de Unidades de Competencia. Denegáronse 336 solicitudes por non cumprir os requisitos legais establecidos.

No ano 2022 recibíronse 8.744 solicitudes, das cales 4.167 xa están concedidas, atopándose o resto en estado de tramitación.

O número total de certificados de profesionalidade concedidos no ano 2022 é de 6.150, correspondendo a solicitudes presentadas en 2022 e tamén solicitudes de anos anteriores que quedaron en tramitación.

2. Estatísticas Rexp 2011 - 2022.

En febreiro de 2017 publicouse o Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regulan as certificacións dos profesionais necesarias para manipular gases fluorados. Estas certificacións persoais son os documentos mediante os cales a Administración reconece ao seu titular a capacidade para desenvolver as actividades nelas designadas.


O Decreto 100/2011, do 19 de maio, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regula os órganos competentes para o outorgamento das certificacións persoais para a manipulación de gases fluorados, establecendo que será competente a consellería con competencias en materia de traballo, neste caso a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, cando a certificación se consiga como consecuencia da obtención dun certificado de profesionalidade, así como o mantemento dun rexistro actualizado dos certificados expedidos.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade mantén actualizado, no ámbito da nosa Comunidade Autónoma o rexistro público de certificados para a manipulación de gases fluorados, que poderá consultarse na seguinte páxina web: <https://empregoigualdade.xunta.gal/formacion/gases-fluorados>.


Durante o ano 2021 rexistráronse un total de 176 novas solicitudes, das cales 135 foron certificacións persoais concedidas, 4 foron solicitudes denegadas, e a 37 requiríuselles documentación ou foron trasladadas a outro departamento competente para a súa tramitación.

Durante o ano 2022 rexistráronse un total de 146 novas solicitudes, das cales 115 foron certificacións persoais concedidas, 5 foron denegadas, 26 requiríuselles documentación ou foron trasladadas ao departamento correspondente.

Certificados gases fluorados 2021



Certificados gases fluorados 2022



Ademais, durante os anos 2021 e 2022 levouse a cabo a comprobación e xestión de 370 xustificacións achegadas por profesionais xa habilitados, de ter realizado o curso de formación complementaria que lles permite seguir traballando, en aplicación do establecido na disposición adicional décima do Real decreto 115/2017.

16ª convocatoria das probas de avaliación en competencias clave

O 16 de febreiro de 2022 publicouse, no Diario Oficial de Galicia número 32, a Resolución do 7 de febreiro de 2022, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de niveis 2 e 3 de cualificación (código de procedemento TR306A).

Estas probas diríxense ás persoas que non posúen os requisitos de formación regrada (ESO para o nivel 2 ou Bacharelato para o nivel 3) requiridos para o acceso ás accións formativas dos certificados de profesionalidade.

- **Resultados das probas.**

Houbo 2.622 solicitudes para realizar un total de 10.940 probas. Como é habitual, as competencias clave máis demandadas foron as de matemáticas, lingua castelá e lingua galega de nivel 2.

A porcentaxe de persoas que acadan a cualificación de apta sitúase nun 67 % para o conxunto das probas de nivel 2 e nun 61% nas probas de nivel 3.

COMPETENCIAS CLAVE	Nivel 2			Nivel 3		
	Persoas presentadas	Persoas aprobadas	% Persoas aprobadas	Persoas presentadas	Persoas aprobadas	% persoas aprobadas
Galego	923	531	58%	357	251	70%
Castelán	922	703	76%	355	254	72%
Matemáticas	926	721	78%	351	239	68%
Inglés	483	209	43%	271	62	23%
TOTAIS	3.254	2.164	67%	1.334	806	61%


Outros estudos

- **Guía das ocupacións:**

A Guía das ocupacións relaciona unha serie de ocupacións con boas perspectivas de emprego en Galicia segundo os resultados dos indicadores manexados dende o Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo.

A guía xorde como un instrumento dirixido á orientación laboral e proporciona unha serie de posibles itinerarios profesionais diversos, tanto pola súa natureza, como polo nivel de cualificación esixida.

Esta análise ocupacional nace con carácter de continuidade polo que, en próximas edicións, teremos en conta a evolución do emprego xerado en Galicia e as novas características dos traballos do futuro.



© 2015 IAG
DISEÑO: IAG

Analízanse un total de **35 grupos ocupacionais** que consideramos que son aqueles que presentan mellores perspectivas laborais en Galicia segundo datos recollidos ao longo de 2021.

Recóllese, entre outros aspectos:

- Evolución dos contratados-demandantes.
- Perfil dos contratos: variable máis repetida dos contratos nese grupo ocupacional.
- Perfil da persoa demandante en situación de paro: variable máis repetida dentro das persoas demandantes en situación de paro nese grupo ocupacional.
- Actividade que máis contratan: volume total de contratos rexistrados por CNAE 2009 a dos dízitos.
- Certificados de profesionalidade vinculados con cada un dos perfís.

- **Análise do mercado laboral COVID-19 (febreiro).**

O Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo remata con este informe unha liña de traballos nos que analizaba periodicamente as consecuencias da crise provocada pola irrupción da COVID-19 e a interpretación do novo mercado de traballo.

Estes informes enfócanse na observación da evolución do emprego e as consecuencias sociolaborais nos distintos sectores tralo estado de alarma. As variables estudadas agrúpanse en cinco grandes bloques de análise:

(1) Demandantes de emprego parados e non parados.

(2) ERTE.

(3) Empresas.

(4) Afiliacións a fin de mes por actividade económica. Destrución e creación de emprego.

(5) Contratos por grupo ocupacional. Análise ocupacional dos empregos máis afectados pola COVID-19.

A análise conxunta de todos estes apartados permítenos ofrecer unha visión completa e integrada dos efectos da COVID-19 no mercado de traballo galego, obtendo unha serie de conclusións que nos serven para entender os efectos da pandemia dentro da denominada nova normalidade.

- **A muller no mercado de traballo: Indicadores do emprego feminino.**

O Servizo de Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo ten, entre outras funcións a realización de estudos e informes para achegar información sobre o mercado de traballo, analizando diferentes variables e o seu comportamento segundo os diferentes sectores da poboación. No marco desas funcións elaborouse en 2022 un informe sobre A muller no mercado de traballo: indicadores do emprego feminino.

O informe estrutúrase nunha serie de puntos con información desagregada.

1. Indicadores de emprego feminino.
2. Indicadores de calidade do emprego feminino.
3. A muller con discapacidade no mercado de traballo.
4. Táboas comparativas con España.

- **Informe sobre a situación do traballo autónomo no mercado laboral galego 2021**

Neste informe, o Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo analiza en forma de traballo monográfico a figura do emprego por conta propia, modalidade de especial interese no mercado de traballo da nosa comunidade e que, como alternativa ao traballo por conta allea, contribúe a crear postos de traballo e ao desenvolvemento persoal, á vez que ofrece ás persoas sen emprego unha oportunidade para participar na economía.

No estudo realízase unha aproximación á complexa realidade destes traballadores e traballadoras a través de diferentes enfoques.

Analízanse, por un lado, as estatísticas de afiliación publicadas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS) e polo Instituto Galego de Estatística (IGE) centrándose no Reta; e tamén a enquisa de poboación activa onde se estudan as persoas ocupadas por conta propia.

Ademais no informe recóllense datos sobre economía social, no subsector do mercado, é dicir, empresas articuladas fundamentalmente a través de cooperativas e sociedades laborais, categorías de enorme importancia na dinamización da economía e a promoción do emprego. Tamén se fai unha análise sobre



as pensións e prestacións, a formación e a sinistralidade das persoas autónomas en Galicia, así como un acercamento ao emprendemento.

As fontes de información que dan soporte a estes apartados son principalmente: o Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, o Ministerio de Trabajo y Economía Social, o Servizo Público de Emprego de Galicia e o IGE. Os datos son mostrados en forma de táboas, gráficos, mapas e comparativas das principais variables nos distintos períodos temporais.

- **Profesións reguladas (actualización xuño 2021).**

Análise das profesións reguladas e as súas posibles vinculacións cos certificados de profesionalidade das distintas familias profesionais.

Neste informe, de revisión permanente, o Instituto Galego das Cualificacións presenta un inventario, así como unha análise pormenorizada que pode servir de información de consulta aos profesionais do emprego e formación que necesiten orientar sobre as formas de obter unha habilitación profesional. Por outra banda, a vinculación existente entre estas habilitacións e a formación adquirida a través dun certificado de profesionalidade xustifica a información engadida, de ser o caso, sobre a relación directa ou indirecta destes coa obtención dunha acreditación para traballar.

Desde o 20 de outubro de 2007, o recoñecemento das cualificacións profesionais permite que o beneficiario poida acceder, no Estado membro de acollida, á profesión para a que estea cualificado e exercela nas mesmas condicións que os nacionais do dito Estado membro cando neste último estea regulada.

